



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

Benqueridas lectoras e lectores desta Crónica da Igrexa de Encrucillada: Un gozo grande poder estar de novo convosco compartindo algunha información, opinión e sentimentos sobre realidades que día a día se van subindo á barca da vida, á barca de Deus. Desta volta a nosa crónica está condicionada por uns cantos feitos maiores, alomenos desde unha perspectiva aparente, como son a Exhortación papal sobre o Sínodo da Amazonía, un par de sínodos máis polo medio, o Congreso de laicos/as, a nova executiva da CEE, a probable lei da eutanasia, e algunha cousiña máis.

1.- *Coronavirus* e algo máis

Sobre diso, estes días a realidade invádenos con dous acontecementos punteiros, un absolutamente publicado, outro

absolutamente agochado. O primeiro é o mal do *coronavirus*, que está conmovendo este noso mundo, que para moita xente dos países de primeira parecía inviolable; e iso leva consigo que se movan ceo e terra para nos librar desa praga. A estas alturas non sabemos en que acabará a cousa, pero boas trazas non ten: morte de moita xente, forte alteración dos nosos modos de vida, graves consecuencias económicas, que incidirán negativamente sobre todo na vida da xente máis empobrecida. Oxalá que a obrigada coresma civil, o obrigado deserto nos axude a recapacitar sobre algunhas cousas: o fráxiles que somos (estatuas de ouro con pés de lama); a importancia de que todo, todo, estea sometido ao benestar universal da xente, caian os tótems que caian; a importancia de saber vivir na

limitación, na precariedade, na quietude, sen angustiarse; a necesidade do humor e o amor, a solidariedade, para poder enchelo todo de esperanza, e, sobre todo, a capacidade que temos, se queremos, de dar respostas eficientes a problemas bestiais que a día de hoxe están establecidos no mundo, e ante os que, por non nos afectar directamente, reaccionamos con indiferenza: millóns de criaturas morren de fame ao ano, e a vacina é simplemente pan; nenos e nenas están morrendo a miles no Congo actualmente por unha epidemia de sarampelo; hai vacina, custa 1 €, a OMS pide axuda e non se pon remedio. Silencio.

O outro feito, este si ben denigrante, é o tratamento que se lle está a dar aos miles de persoas refuxiadas que o goberno turco emprega descaradamente como medio de presión ante Europa, para que interveña no conflito sirio, no que, tamén por intereses políticos, Turquía meteu os fociños. O resultado é miles de familias con picariños/as polo medio levadas coma noutrora se levaban as greas de vacas ou bestas contra os aramados e valos cus-

todiados por xente armada, e, se é polo mar, por patrulleiras do servizo de garda costas e mesmo por voluntarios ultras da morte. Uns e outros freando a quen pide amparo con golpes, gases lacrimóxenos, pelotas de goma, intentando abordar e envorcar pequenas barcas pneumáticas, ou mesmo intentando pinchallas para que os seus ocupantes morran no mar. De todo isto a penas a máis mínima información. Os mesmos medios de comunicación están vetados nas proximidades dos lugares onde tales cousas acontecen. O que nos chega débemoslo á implicación solidaria de persoas soltas ou organizadas que malamente conseguen romper o bloqueo informativo.

En Europa nin unha voz, nin un xesto de solidariedade. Si, España parece que estaba disposta a mandar apoio policial para axudar á policía grega! É certo que polo mundo adiante hai situacións similares ou peores, onde tamén os gobernos oen ás xordas ante a urxencia de intervención. En África, por desgraza, hai moitos exemplos disto. Pero o grave no noso caso é que quen fai ou consente isto, quen se queda no seo da manta,

é unha Europa que se quere significar como referencia dos dereitos humanos. E a maiores está poboada por persoas que en importante número nos dicimos cristiás! A situación do pobo palestino ante o déspota Israel e a da poboación refuxiada ante a Unión Europea quedarán nos anais da historia como o maior símbolo da nosa inhumanidade, da nosa incoherencia, da nosa insolidariedade.

2.- Querida Amazonía

Tal é o título da Exhortación Apostólica postsinodal do papa Francisco. Acabamos de lela, con rapidez –moi breve: un libriño de catro soños en 111 números–, con comodidade –o papa Francisco escribe sempre cun estilo directo, cotiá, claro–, con certa decepción –despois daquela súa queixa de que o sínodo debera ir máis aló, pensábase que el mesmo había desbordar os seus límites–, e, ao final, cun aquel de sospeita positiva de que algo se di que nos remite a todas e todos a unha tarefa creativa. Coa súa Exhortación o Papa non pretende «nin reemprazar nin repetir as conclusións do Sínodo», senón

que busca compartir connosco «as resonancias que provocou en min este camiño de diálogo e discernimento» e ofrecer-nos «unha síntese dalgunhas grandes preocupacións que xa expresei en documentos anteriores meus, para que axude e oriente a unha harmoniosa, creativa e frutífera recepción de todo o camiño sinodal» (n. 2). E invítanos a ler integramente o documento final do Sínodo (n. 3), para que toda a Igrexa se empeñe na súa aplicación (n. 4).

O Papa fálanos logo de catro soños: o social, o cultural, o ecolóxico e o eclesial. Segundo el mesmo afirma, non fai senón aplicar á Amazonía pensamentos, criterios, posibles accións das que xa nos ten falado repetidamente. O soño social (nn 8-27), para subliñar que ao lado, por riba e por baixo da cuestión ecolóxica, hai sempre seres humanos que están vivindo en situacións insostibles, que urxe subverter. O soño cultural (nn. 28-40), para axudarnos a comprender a situación límite na que se encontra unha preciosa cultura amazónica.

No soño ecolóxico (nn. 41-60) vai recollendo liñas básicas da

encíclica «*Laudato Si*», acentuando a crítica dirixida sobre todo aos grandes capitais internacionais que invisten na Amazonía, pero tamén á conciencia cidadá, porque a ecoloxía, sendo integral, convértese nun estilo de vida cotiá que a toda a cidadanía afecta. Non se fala explicitamente de «pecado ecolóxico», cousa que alguén botou en falta, pero si que se fala claramente do inhumanas e perversas, malignas, que son esas condutas.

Ao soño eclesial (nn. 61-111) é ao que o Papa lle dedica máis espazo; quitada a introdución, a metade do documento. Case todo canto se di ten que ver cunha Igrexa inculturada: un *kerigma* inculturado, unha inculturación social e espiritual, unha inculturación litúrxica, unha inculturación incluso da ministerialidade. «Se se incultura a espiritualidade, (...) a santidad, (...) o Evanxeo mesmo, como evitar pensar nunha inculturación do modo como se estruturan e se viven os ministerios eclesiais?» (n. 85). Aínda que o Papa neste mesmo número fala de que a situación «esixe da Igrexa unha resposta específica e valente», as súas

propostas concretas ao respecto son abondo tradicionais: Eucaristía e Perdón son cousa exclusiva de clero masculino célibe, e, se escasea, hai que orar, ser xenerosos orientando as vocacións misioneras daquelas dioceses non cara a Europa e Estados Unidos, como é frecuente, senón cara á Amazonía (n. 90). Certo que este soño abrangue tamén a laicos «que asuman responsabilidades importantes para o crecemento das comunidades» (n. 92). «Unha Igrexa con rostros amazónicos require a presenza estable de líderes laicos maduros e dotados de autoridade» (n. 94). «Iso supón na Igrexa unha capacidade para dar lugar á audacia do Espírito, para confiar e concretamente para permitir o desenvolvemento dunha cultura eclesial propia, *marcadamente laical*» (ibid.).

Sobre das mulleres confirma a súa visión moi repetida: loanza polo seu intenso labor eclesial (n. 99), non reducir a Igrexa ás súas estruturas funcionais; non participa máis a muller na Igrexa accedendo á ordenación, cousa que «en realidade limitaría as perspectivas, orientaríanos a clericalizar as mulleres, diminuíría o grande valor do que

elas xa teñen dado e provocaría sutilmente un empobrecemento da súa achega indispensable» (n. 100). Delimita as funcións de xénero na Igrexa deste xeito: «Porque o Señor quixo manifestar o seu poder e o seu amor a través de dous rostros humanos: o do seu Fillo divino feito home e o dunha criatura que é muller, María. As mulleres fan a súa achega á Igrexa segundo o seu modo propio e prologando a forza e a tenrura de María, a Mai». (101).

Supoñemos que haberá moitas voces que estarán en desacordo con esta visión das cousas. A nós tampouco nos gusta nin esa distinción de roles, que ole máis a clixés culturais que a doutrina cristiá; nin tampouco eses medos a que a muller, acendendo ao sacerdocio, teña que entrar na ringleira de desgrazas que cita o Papa, porque daquela case habería que pensar que a ordenación vinculada a poderes sagrados exclusivos é unha cousa negativa na Igrexa, tanto para homes como para mulleres, e que habería que pensar noutra maneira de configurar os ministerios. E vai ti saber se non é este o camiño a emprender.

Pero pensamos que o mesmo Papa, dicindo o que di, deixa moitas portas abertas. Ao noso modo de ver, en toda a cuestión de repensar os ministerios ou servizos eclesiais, os nn. 104 e 105 ofrécennos a clave do pensamento do Papa, que responde a aquela máxima xa comentada en *Evangelii Gaudium*, 226-233: «A unidade prevalece sobre o conflito». Recollemos dous parágrafos, vertidos ao galego, que nos parecen moi significativos: «Ocorre con frecuencia que nun determinado lugar os axentes pastorais enxergan solucións moi diversas para os problemas que enfrontan e por iso propoñen formas aparentemente opostas de organización eclesial. Cando isto ocorre, é probable que a verdadeira resposta aos desafíos da evanxelización estea na superación das dúas propostas, atopando outros camiños mellores, quizais non imaxinados» (n. 104). «As verdadeiras solucións nunca se acadan licuando a audacia, agochándose das esixencias concretas ou buscando culpas fóra. Ao contrario, a saída atópase por «desborde», transcendendo a dialéctica que limita a visión para poder recoñecer así un don

maior que Deus está ofrecendo. Deste novo don acollido con valentía e xenerosidade, dese don inesperado que esperta unha nova e maior creatividade, manarán coma dunha fonte xenerosa as respostas que a dialéctica non nos deixaba ver» (n. 105). Na presente Exhortación o Papa, quizais porque pense máis en clave sinodal ca en clave maxisterial, non se apuntou a ese desborde, como non sexa o dito máis arriba de «permitir o desenvolvemento dunha cultura eclesial propia, *marcadamente laical*». Posiblemente só un laicado, home e muller, «empoderado» na Igrexa poderá desanoar os nós nos que esta se atopa anoada. Non é doado. Pero co Papa estamos en soños.

3.- Sínodos veñen e van

A cultura sinodal estase estendendo na Igrexa, quizais por simple mimetismo, quizais máis ben porque nos estamos decatando de que a situación eclesial, a lo menos en países europeos, é moito máis aguda do que se pensaba. Percíbese no ambiente, verbalízase incluso, un case convencemento de que, ou con urxencia se fai algo

evanxelicamente contundente, ou isto se esborralla, máis aló da continuidade manifesta de certas prácticas relixiosas que aguantarán o tirón.

Ourense está de Sínodo, como o foron estando case todas as dioceses galega. O longo traballo de 200 grupos sinodais e as asembleas alciprestais, nas que participaron 2200 persoas (leigos/as, relixiosos/as, curas) sintetizouse en 1200 propostas. Era xuño do 2019. O 21 de setembro do mesmo ano constituíuse a Asemblea Sinodal e o 26 de outubro tivo o seu primeiro plenario. 200 persoas representaban os grupos sinodais. Presentouse o documento primeiro: «A parroquia: realidade, identidade e perspectiva de futuro», e nesa presentación incorporouse a síntese das propostas aprobadas polas asembleas arciprestais. Debate e votación do documento que pasaría ás mans de doce círculos menores, para aportar as achegas oportunas. Nun novo plenario do 16 de novembro presentouse, debateuse o documento xa completado e votouse cada proposta do mesmo, que debían ser aprobadas cos 2/3 de votos.

Con esta mesma metodoloxía traballouse o tema 2.º: «Unha Igrexa en saída: acolledora, samaritana e transformadora no corazón do mundo» (14 dec. e 25 xan.), o tema 3.º: «Unha liturxia viva para unha Igrexa viva» (15 febr. e 14 de marzo), e o 4.º: «Educación na fe». E todo rematará o 7 de xuño co acto de clausura do Sínodo que se celebrará no Pazo Paco Paz de Ourense, ao redor da celebración da Eucaristía. E logo virá o importante.

Na Igrexa somos moi dados e fáciles para encontros, debates, documentos, que moitas veces se van superpoñendo, sen moita avaliación e verificación do realmente levado a cabo. Oxalá aquí a cousa non sexa así e se inicie un camiño de cambio en liña evanxélica, sen pechase en cuestións e debates internos, moi abertos en temas e prácticas reais á sociedade civil e á súa realidade complexa, para poder prestar un bo servizo de evanxelización. Así nolo transmitía unha persoa amiga que de principio a fin estivo participando vivamente no traballo sinodal. Oxalá! Moito llo desexamos ás nosas irmás e irmáns ourensáns.

Subliñar que os documentos foron elaborados en galego e castelán, así como as propostas que se presentan a debate, aínda que non faltou xente que rexeitase o galego e deseguida interpretase a súa presenza como algo político. Non o será máis ben a súa reacción?

E de Sínodo andan tamén pola cidade do Apóstolo, sínodo menor en desenvolvemento, aínda que non en importancia. O Sínodo dos Bispos sobre a mocidade, «A mocidade, a fe e o discernimento vocacional», habido en Roma no outono do 2018, rematou coa publicación da Exhortación papal «*Christus vivit*». Daquela o arcebispo de Santiago, Xíán Barrio –si, ese que co seu auxiliar Xesús Fernández, foi gratamente sorprendido viaxando co común da xente en metro por Madrid (xa é significativo que isto nos sorprenda)– decidiu convocar un minisínodo diocesano da mocidade (16-29 anos) con representantes dos arceprestados, congregacións relixiosas, proxectos diocesanos e outros movementos xuvenís. Serán tres xornadas de sábado enteiro, os días 29 de febreiro, 28 de marzo e 19 de abril.

Traballarán sobre tres verbos, seguindo o proceso do Sínodo dos Bispos sobre a mocidade: *Recoñecer* a realidade da xente nova: como é e vive, cal é a súa situación, a relación coa Igrexa... *Interpretar* que asuntos os inquietan, que necesitan, que quere Deus deles... *Elixir* «que facemos agora. A mocidade co noso arcebispo elixiremos como concretamos todo o traballado, que faremos para mellorar a nosa diocese».

Oxalá que todo dea en algo de proveito.

Supoñemos, non sabemos, que tamén aquí a nosa fala terá entrada a lo menos na documentación oficial. Que ben nos viría a todos reler desde a nosa realidade galega todo o articulado que o papa Francisco, e tamén outros papas antes ca el, ten dedicado á imprescindible inculturación de todo o traballo de evanxelización, sintetizados no c. 2 de «Querida Amazonía»!

4.- Un novo Pentecoste

Así definiron a súa experiencia comunitaria as persoas asistentes ao Congreso do laicado habido no Pavillón de Cristal

da Casa de Campo de Madrid os días 14-16 de febreiro baixo o lema: «*Pobo de Deus en saída*». Non tendo asistido ao evento, non parece doado reflectir o clima laborioso, intenso, cálido, mesmo entusiasta, do que se fan eco o conxunto dos 2000 asistentes, bispos, cregos, relixiosos, relixiosas, laicas, laicos do común ou de diferentes organizacións.

Transmiten as crónicas que o ambiente xeral foi moi coidado, que a organización foi perfecta, que a metodoloxía de traballo non se limitou, como é habitual, a longas conferencias de xente sabia con algún pequeno tempo de debate, senón que con formas sinodais todo o mundo traballou e redondeou o «*instrumentum laboris*» que tamén fora conxuntamente elaborado, para así convertelo en documento final; e que houbo unha sabia combinación de tempos e actividades (assemblea, grupos, subgrupos, testemuños, concerto musical, celebracións, tempos libres...), que facilitaron que a conclusión final fose, como indicamos, a vivencia dun noso Pentecoste.

Baixando algo ao detalle, o venres pola tarde abriuse

o Congreso coas palabras do nuncio Bernardito Auza, dos cardeais Blázquez e Osoro, de Isaac Martín, laico e membro da Comisión Executiva do Congreso, do Cardeal Kevin Farrell, prefecto do dicasterio de Laicado, familia e vida, que deron paso ao relatorio inicial, no que José Luís Restán presentou o traballado conxuntamente ata o presente por parte de cantas persoas se implicaran no asunto.

A mañá do sábado tivo o seguinte desenvolvemento. Marcáronse *catro itinerarios*: Primeiro anuncio, Acompañamento, Procesos formativos, Vida pública, para traballar en grupos de 500 persoas. Despois dunha curta presentación dos temas, esas 500 persoas dividíronse á súa vez en subgrupos de 50 persoas para escoitar cada un deles 10 experiencias de traballo sobre cada un dos itinerarios. E de novo se dividían en grupos de 25 persoas para facer propostas sobre o tema de cada itinerario respondendo a estas tres preguntas: Que actitudes converter?, Que procesos activar?, Que proxectos propoñer? Pola tarde repetiuse o proceso, para que cada congresista puidese asistir polo menos a dous itinera-

rios. E coas propostas habidas durante a noite elaborouse o documento conclusivo que na mañá do domingo presentaron a catro mans e dúas voces, dun xeito moi vivo e atraínte Ana Medina, periodista de 13TV e Antoni Vadell, bispo auxiliar de Barcelona.

Mediante un sinxelo xogo final (poñer 8 sobres pegados ao fondo da cadeira de oito persoas ao chou), compartiron as liñas de traballo que querían levar para as súas vidas, grupos e dioceses: 1) Saíndo ás periferias, 2) Dialogando e atopándonos, para coñecernos e querernos, 3) Vivindo desde a oración e os sacramentos, 4) Sendo Igrexa de portas abertas, 5) Coidando o pequeno, 6) Tendo como prioridade a xente empobrecida, 7) Anunciando o Evanxeo sen descanso, 8) Estando preto da xente.

E logo viría a Eucaristía final. A cousa parece soar ben. Houbo xa moitos intentos de sacar o laicado do seu sono, esa laicado que I. Congar, a punto de abrirse o Vaticano II definía coma o elefante durmido. A sensación era de que desta vez si vai a vencida. Oxalá! Non é doado. Hai moitas rémoras inxe-

ridas no corpo eclesial durante centos de anos. Pero, como se di, a evanxelización ou a fai o laicado ou non se fará.

Dúas cousas que nos compraceron especialmente: as palabras de Isaac Martín: «Non somos segrares por defecto, porque Deus non nos teña chamado a ser sacerdotes, nin relixiosos ou relixiosas; somos segrares por propia vocación, porque Deus nos quere así, en coherencia coa chamada transmitida o día do noso bautismo». E o testemuño de Carlos García de Andoin, laico e militante do PSOE, polo feito de que non houbera problemas para que falase, e sobre todo pola humildade, convicción e forza do vivido e do transmitido. Repetiuse no Congreso a necesidade de coidar a quen desde a fe decide militar no campo embarrado da política, sobre todo se é de esquerda.

5.- A teoloxía do lume e da choiva

E non é o lume do inferno, que parece que xa anda medio apagado. É o lume doutro inferno mundanal, o que se deu por Australia adiante durante días e días polo final de ano pasado e comezo do presente.

Unhas 6 mil millóns de hectáreas queimadas, 24 persoas mortas, 480 millóns de animais calcinados; lume incontrolable a pesar dos maiores esforzos humanos empregados. Máis daquela varios miles de cristiáns pónense en oración, organizan un xaxún por Australia e de golpe unha enorme tormenta aplaca o que todo o enxeño humano non fora quen de dobrigar. O feito ben merecía unha canción que, en voces de bocas evanxélicas dicía así vertida ao galego: «Está caendo a súa Gloria sobre min, curando feridas, erguendo o caído, a súa Gloria está aquí».

O vídeo que recolle todo isto, produto –cremos– dos Evanxélicos, andou polas redes e chegou a moitos dos nosos fogares. A mensaxe relixiosa que se transmite é tremenda: Deus tiña todo o poder para frear tanta destrución, só con mover un dedo, pero non quería facelo, por anoxo, por vontade de castigo, porque soamente se lle aviva a memoria e se lle amolece o corazón cando a xente o invoca, ou sabe el por qué. Paga a pena crer nun Deus así de sádico? É así o Deus do que Xesús nos falou, o Deus que Xesús viviu?

Certo que entre nós, porque o de rezar xa non nos vai moito ou porque imos tendo outra percepción crente da realidade, a cousa non nos cadra. Aínda con esas, entendemos que en moitas circunstancias da vida rezamos movidos por sentimentos semellantes: se Deus quixese, el ben podería. E, sacando a conclusión de que é que non quere, perdemos en nós a paixón por un Deus así. Posiblemente esta sexa unha das razóns de fondo polas que se está arrefriando a nosa sensibilidade crente. Deus é un xigante poderosísimo, pero testalán e inútil.

Outra cousa máis sería e que nos implica máis aos seres humanos é crer, pensar e actuar co convencemento de que somos responsables das nosas vidas e do noso medio natural, e que Deus está aí avivecendo o noso enxeño, a nosa vontade para exercer de forma madura esa responsabilidade, para gozar cos nosos éxitos e para saber medrar cos nosos mesmos fracasos.

Por que ardía, logo, Australia? Por que se estraga así a Casa común? Seguro que os analistas australianos irán sabendo os motivos, que, en parte polo

menos, non serán alleos ao que o papa Francisco comenta na súa Exhortación sobre a Amazonía.

6.- Vivir coma un cura, morrer coma un can

Deste xeito a nosa tradición popular describía a vida pracenteira e a morte desamparada. Vivir e morrer son as dúas experiencias que complementan a existencia humana. O modo de vivir garda certa correspondencia co modo de morrer. Quen vivía coma un cura, fose ou non fose tal, normalmente non morría coma un can. E quen morría coma un can normalmente non vivía coma un cura.

Con estas dúas realidades andamos ás voltas por mor da previsible aprobación da lei sobre a eutanasia, que hai poucos días no parlamento español foi aceptada para a súa tramitación. A tal lei xa fora presentada en xuño do 2018, pero os avatares electorais frearon a súa tramitación. Ante aquel anuncio a CEE reaccionara negativamente —«Ninguén é dono da vida, nin sequera da propia. Morrer non é un dereito»—, e negativamente reaccionou tamén ante este segundo intento que ten

trazas de ser definitivo. A CEE non perdeu o tempo, e no 2019 publicou un libríño titulado «*Sembradores de esperanza. Acoger, proteger y acompañar en la etapa final de esta vida*». Un libríño ameno, comprensible, que en sete capítulos e 60 números, cun método de preguntas e respostas, vai abordando os diferentes aspectos que nos permiten comprender o feito e o significado da eutanasia e as propostas alternativas da Igrexa. Loxicamente faino desde a perspectiva crente, confesional que lle é propia. Aconsellamos a súa lectura. Pareceunos un caderno moi útil. Quizais falta dar pé a poder entrar en diálogo con outras visións sobre o asunto con fórmulas un chisco máis humildes, ao xeito de «ao noso ver... ao noso entender ... desde a nosa tradición...».

O certo é que entre a mesma cidadanía católica hai moita xente que ve con bos ollos que a determinadas persoas en situacións límite, queréndoo elas, se lles facilite morrer. Dalgunha maneira é estender cara aos seres humanos aquel «fíxolle Deus mil bens» que a xente repite compracida cando alguén nunhas circunstancias límite,

dolorosas, morre por fin. Sería algo así como facerse as mans de Deus! Temor e tremor!

Tamén hai teólogos que non se senten identificados en todo coas propostas da CEE. Durante estes días todos puidemos ler achegas, tamén dignas de ser lidas e consideradas: A. Torres Queiruga, co seu entender a moral coma unha construción humana, na que a relixión, sen arrogarse o ditado das prácticas éticas, pode e debe contribuir positivamente nun ámbito de diálogo, no que hoxe por hoxe non se lle dá grata cabida. Juan José Tamayo, coa súa recuperación do libro de Antonio Monclús «*La eutanasia una opción cristiana*»; Juan Masiá, coas súas precisións ao respecto elaboradas a partir dunha práctica pastoral diversa con crentes e non crentes, con pro e contra eutanasia en ambos bandos; por non citar xa a coñecida e publicada postura de Hans Küng desexando que, chegado o caso, se lle aplicara a eutanasia.

Moi posiblemente dentro de non moito tempo España será o cuarto país europeo –Holanda (2002), Belxica (2002) e Luxemburgo (2008)– que xuntamente

con Canadá (2016) disporá desta lexislación; en Colombia, aínda que aprobada no 2015, a cousa está nun bloqueo real. É previsible que a lei sexa ben restritiva, como sucede en todos os casos, pero tamén é moi posible que, como acontece en Holanda a práctica da eutanasia desborde con algo de facilidade os límites estritos da lei.

Sería unha mágoa que o seu uso entre nós frease a necesaria implantación dun bo sistema de coidados paliativos que garanta a atención física, psíquica, social e espiritual das persoas enfermas e das súas familias, tal como expuña o Dr. Marcos Gómez Sancho, expresidente da SECPAL (Sociedade Española de Coidados Paliativos) na cálida entrevista que lle fixo hai poucas semanas Jordi Ébole; parece que tales coidados rebaixan drasticamente os desexos de morrer. Sería unha mágoa tamén que, empregando a eutanasia, nos esquecésemos en xeral da importancia que ten o ben vivir, o vivir con dignidade (física, psíquica, social e espiritualmente), para logo poder morrer ben, con dignidade, cando nos chegue a hora, ou mesmo cando alguén busque

esa hora. Que pasa con esa morea de suicidios, nuns datos (300-400 anuais) que agochamos e dos que imos pasando? As nosas formas do bo vivir son as máis axeitadas para gustar da vida, para aprender a ben morrer?

E sería unha mágoa que unha vez máis o celo polo noso ben vivir e ben morrer, sexa cal sexa a nosa posición ante a eutanasia, nos levase á indiferenza cómplice polos millóns e millóns de persoas que non poden escoller nin vivir nin morrer dignamente. Viven coma cans –con perdón–, e morren coma cans.

7.- Unha renovada Conferencia Episcopal Española

Na primeira semana do mes de marzo a plenaria do episcopado español renovou a súa estrutura directiva. Máis ou menos na sombra estaba agochado o enfrontamento entre dúas liñas eclesiais distantes: un grupo do bispos sensibles ás propostas misioneras que seguen con máis ou menos fervor as pautas do papa Francisco, e outro grupo ao que non lle reina tanto tal historia. Previa unha manobra obscena

intentando luxar a imaxe do cardeal arcebispo de Barcelona Xoán Xosé Omella no mesmo comezo da asemblea, os votos déronlle o favor aos primeiros contra os segundos, nomeando a este, Xoán Xosé Omella, e relegando a Xesús Sanz, arcebispo de Oviedo, que era o que lideraba os segundos.

A Comisión Executiva quedou presidida por Xoán Xosé Omella (presidente), por Carlos Osoro (vicepresidente), por Luís Argüello (secretario) e por seis bispos máis. Fixáronse dez Comisións Episcopais, e para cadansúa foi nomeado un bispo como Presidente. Aquí os bispos galegos colleron releve: Afonso Carrasco (Lugo) preside Educación e Cultura; Xosé Lemos (Ourense), Liturxia, e Luís Anxo de las Heras (Mondoñedo-Ferrol) Vida Consagrada. Todos estes bispos (9 da Comisión Executiva e 10 que presiden as Comisións), xuntamente cos arcebispos metropolitanos que non están en ningún dos dous órganos anteriores (10) formarán a Comisión Permanente da CEE.

Traballo non lles ha faltar. Canto necesitarán de boa cabeza, de bo corazón, de boa

man para servir presidindo unha Igrexa que terá que afrontar importantes retos cara a dentro e cara a fóra! Cara a dentro, todo o que xa repetidamente se está intentando abordar nos diferentes sínodos e noutras apostas eclesiais; cara a fóra: unha nova lei de educación –unha vez máis sen consenso–, as inmatriculacións, o IBI, a resignificación do Valle dos Caídos, e, sobre todo, o seu saber estar nunha sociedade desigual, ideoloxicamente convulsa, aportando reconciliación, humanidade, atracción polo marxinal, aportando simplemente Evanxeo.

8.- E deixámolo por hoxe

E facémolo celebrando con todas as mulleres do mundo o éxito da xornada do 8 de marzo, día da muller traballadora, que leva anos abríndose a unha reivindicación máis xenérica do conxunto da feminidade. En Galicia anticipouse a celebración xa ao día 1 de marzo coa espléndida manifestación de Verín, que dese xeito coincidiu en data coa revolta das mulleres na Igrexa, que nese día asentaban en diferentes cidades do mundo, diante das catedrais, fóra, para signifi-

car a exclusión que din sufrir, reivindicando recoñecementos «ata que a igualdade se faga costume». En Galicia esta manifestación do feminismo eclesial adiouise ata o 14 de marzo, por non lle facer sombra á manifestación de Verín. Pero a presenza do *Coronavirus* fixo que se houbera que adiar a programada manifestación e representación ante a Porta Santa da catedral de Santiago, repetindo lemas e desexos: «Ata que a igualdade se faga costume».

Neste mesmo número da revista podemos ler un relato destes eventos. Lembrar, iso si, que este ano 2020 celebramos o segundo centenario do nacemento da xenial galega Concepción Arenal, que en tantos temas de feminismo abriu camiños. Invitamos á lectura do libro de Anna Caballé *Concepción Arenal: La caminante y la sombra* (Taurus).

Un recordo admirado e agradecido, como non, para o clé-

rigo da diocese de Mondoñedo-Ferrol Fernando Porta, morto o 19 de febreiro con 92 anos; home culto, director espiritual do Seminario, servidor eclesial lúcido, firme e audaz, compañeiro de mentes e lides do noso querido Chao Rego. E, como non tamén, a nosa admiración e agradecemento por Ernesto Cardenal, morto o 1 de marzo, aos 95 anos, gran poeta, monxe, crego, revolucionario sandinista, cando o sandinismo ulía a Reino de Deus, e sempre, sempre do lado da beleza literaria, da creatividade existencial e da militancia solidaria; en tempos de gloria e cruz soubo manter fidelidades firmes por riba de incompreensión e mesmo desprezos por parte dalgúns xerarcas eclesiais. Que as súas memorias nos alenten e iluminen no noso camiñar cristián, eclesial, pola vida.

Un saúdo agarimoso e ata a próxima.

Manuel Regal Ledo